

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**6485** *Real decreto 428/2013, do 14 de xuño, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de profesores de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas de Música e de Danza.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece nos seus artigos 91 ao 99 as funcións do profesorado das distintas ensinanzas que se regulan nela, así como as súas respectivas condicións de titulación e formación pedagóxica e didáctica.

A disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a función pública docente se ordena en distintos corpos docentes, entre os cales se encontra o corpo de profesores de música e artes escénicas, que desempeñará as súas funcións nas ensinanzas elementais e profesionais de Música e de Danza, nas ensinanzas de Arte Dramática e, de ser o caso, naquelas materias das ensinanzas superiores de Música e de Danza ou da modalidade de Artes do bacharelato que se determinen.

Así mesmo, a dita disposición adicional sétima, no seu número 2, establece que lle corresponde ao Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, a creación ou supresión das especialidades docentes do corpo a que se refire este real decreto e a asignación das áreas, materias e os módulos que deberán impartir os funcionarios adscritos a cada unha delas.

O artigo 48.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as ensinanzas elementais de Música e de Danza terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

O Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, establece os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de Música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e o Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, regula os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de Danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por outra banda, o Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario obrigatorio, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario, prevé, no seu artigo 8.2, que cando a modalidade de Artes do bacharelato se imparta en centros de ensinanzas artísticas, as materias correspondentes poderán ser asignadas ao profesorado dos respectivos corpos de ensinanzas artísticas que teña formación adecuada en cada caso.

Así mesmo, enténdese aconsellable, en coherencia co contexto normativo en que se encadran as ensinanzas artísticas superiores, abordar noutra norma ou normas tanto as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas de Arte Dramática coma as materias das ensinanzas artísticas superiores de Música e de Danza que, se é o caso, se determine que poidan impartir os titulares do corpo de profesores de música e artes escénicas das especialidades vinculadas ás ensinanzas de Música e de Danza.

Especificadas as necesidades docentes das ensinanzas elementais e profesionais de Música e de Danza, procede iniciar o desenvolvemento do previsto na disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación coas especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas que teñen atribuídas nos conservatorios de música ou de danza as ensinanzas respectivas.

Así pois, en virtude da competencia estatal recoñecida pola Constitución española para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos funcionarios, para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais, para establecer normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución e co fin de garantir un ensino común de calidade impartida polo profesorado máis idóneo, procede establecer as especialidades docentes do corpo de funcionarios que teñen ao seu cargo as ensinanzas elementais e profesionais de Música e de Danza, así como definir a asignación de materias que deberá impartir o profesorado nas ensinanzas profesionais de Música e de Danza e as materias que poderá impartir no bacharelato.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Educación e emitiu informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Así mesmo, conta co informe da Comisión Superior de Persoal e cos ditames do Consello Escolar do Estado e do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de xuño de 2013,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto da norma.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as especialidades docentes do corpo de profesores de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas de Música e de Danza, así como definir a asignación de materias que se deberán impartir nas ensinanzas profesionais de Música e de Danza e as materias que se poderán impartir no bacharelato.

##### Artigo 2. *Especialidades docentes.*

As especialidades docentes do corpo de profesores de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas de Música e de Danza son as que se relacionan no anexo I.

##### Artigo 3. *Asignación de materias nas ensinanzas profesionais de Música.*

1. As materias que impartirá o corpo de profesores de música e artes escénicas nas ensinanzas profesionais de Música son as relacionadas no anexo II. A asignación da materia de Idiomas aplicados ao canto quedará aberta á determinación das administracións educativas en función das súas necesidades e recursos, sempre que se garanta a competencia docente para a súa impartición.

2. Os titulares das especialidades instrumentais correspondentes ás ensinanzas profesionais de Música impartirán, ademais do ensino do instrumento principal, as ensinanzas colectivas de instrumento e, de ser o caso, as de instrumento complementario.

##### Artigo 4. *Asignación de materias nas ensinanzas profesionais de Danza.*

As materias que impartirá o corpo de profesores de música e artes escénicas nas ensinanzas profesionais de Danza son as relacionadas no anexo III.

##### Artigo 5. *Atribución docente do profesorado de ensinanzas profesionais de Música e de Danza.*

As administracións educativas, no seu desenvolvemento curricular, determinarán a atribución docente das materias específicas aos profesores das diferentes especialidades docentes.

Artigo 6. *Atribución docente do profesorado de ensinanzas elementais de Música e de Danza.*

As administracións educativas determinarán a atribución docente do profesorado que imparte ensinanzas elementais de Música e de Danza.

Artigo 7. *Docencia no bacharelato.*

En aplicación do establecido na disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os funcionarios do corpo de profesores de música e artes escénicas nas especialidades de Fundamentos de composición, Historia da música, Historia da danza e Linguaxe musical poderán impartir as materias de Análise musical I e II, Historia da música e da danza, Linguaxe e práctica musical, da modalidade de Artes do bacharelato na vía de Artes Escénicas, Música e Danza, de acordo coa asignación de materias que se establece no anexo IV. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, conforme as súas necesidades e en uso da súa facultade de organización de centros docentes, poderán determinar a conveniencia de aplicar a dita asignación, sen que esta posibilidade teña efectos nos cadros orgánicos dos centros.

Disposición adicional primeira. *Funcionarios do corpo de profesores de música e artes escénicas de especialidades anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.*

Os titulares das antigas especialidades existentes no momento da entrada en vigor do Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, que foron adscritos a especialidades reguladas no dito real decreto e que se relacionan no anexo V, impartirán, con carácter obrigatorio e preferente, as materias das ensinanzas profesionais da ordenación establecida na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se especifican no dito anexo, sen prexuízo de que a asignación destas mesmas materias poida recaer sobre titulares doutras especialidades.

Disposición adicional segunda. *Creación futura de novas especialidades.*

As administracións educativas que establezan nos seus currículos materias que poidan supor a creación de novas especialidades deberán elevar unha proposta ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para que o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, proceda, de ser o caso, á súa creación.

Disposición adicional terceira. *Regulación posterior.*

O Goberno establecerá, na norma ou normas que establezan as especialidades dos corpos que imparten as ensinanzas superiores de Música, de Danza e de Arte Dramática, as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas de Arte Dramática e as materias das ensinanzas superiores de Música e de Danza que, se é o caso, se determine que poidan impartir os profesores de música e artes escénicas das especialidades vinculadas ás ensinanzas de Música e de Danza.

Disposición transitoria primeira. *Profesorado de ensinanzas de Arte Dramática.*

Mentres non se establezan as especialidades dos corpos de profesores de música e artes escénicas e de catedráticos de música e artes escénicas nas especialidades vinculadas ás ensinanzas de Arte Dramática, manteñen a súa vixencia os artigos 1, 2 e 3 do Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, polo que se establecen as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, se adscriben a elas os profesores deste corpo e se determinan as materias que deberán impartir, en todo o referente ás ensinanzas superiores de Arte Dramática.

Disposición transitoria segunda. *Ensinanzas elementais de Música e de Danza.*

Ata que as administracións educativas regulen a atribución docente correspondente ás ensinanzas elementais de Música e de Danza no seu ámbito de competencias, será de aplicación o establecido ao respecto no citado Real decreto 989/2000, do 2 de xuño.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, polo que se establecen as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, se adscriben a elas os profesores deste corpo e se determinan as materias que deberán impartir, sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias primeira e segunda deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1436/2012, do 11 de outubro, polo que se establece o título de técnico de Artes Plásticas e Deseño en Asistencia ao Produto Gráfico Impreso, pertencente á familia profesional artística de Comunicación Gráfica e Audiovisual, e se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas.*

Modifícase a epígrafe A do anexo II do Real decreto 1436/2012, do 11 de outubro, polo que se establece o título de técnico de Artes Plásticas e Deseño en Asistencia ao Produto Gráfico Impreso, pertencente á familia profesional artística de Comunicación Gráfica e Audiovisual, e se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas, que queda redactada nos seguintes termos:

*A. Corpo de profesores de artes plásticas e deseño*

Especialidade	Módulo formativo
Deseño gráfico.	Fundamentos do deseño gráfico. Tipografía. Obra final. Autoedición.
Historia da arte.	Historia do deseño gráfico.
Medios informáticos.	Medios informáticos. Obra final. Autoedición.
Organización industrial e lexislación.	Formación e orientación laboral.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos funcionarios, a competencia de regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e a competencia para establecer normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

## ANEXO I

### 1. Especialidades docentes vinculadas ás ensinanzas de Música

Acordeón.  
Arpa.  
Baixo eléctrico.  
Canto.  
Clarinete.  
Clave.  
Contrabaixo.  
Coro.  
Dulzaina.  
Fagot.  
Flabiol i tamborí.  
Frauta de pico.  
Frauta travesa.  
Fundamentos de composición.  
Gaita.  
Guitarra.  
Guitarra eléctrica.  
Historia da música.  
Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco.  
Instrumentos de puga.  
Óboe.  
Órgano.  
Orquestra.  
Percusión.  
Saxofón.  
Tenora i tible.  
Trombón.  
Trompa.  
Trompeta.  
Tuba.  
Txistu.  
Viola.  
Viola da gamba.  
Violín.  
Violoncello.

### 2. Especialidades docentes vinculadas ás ensinanzas de Danza

Danza clásica.  
Danza contemporánea.  
Danza española.  
Flamenco.  
Historia da danza.  
Repertorio con piano para danza.

### 3. Especialidades docentes vinculadas ás ensinanzas de Música e de Danza

Canto flamenco.  
Guitarra flamenca.  
Linguaxe musical.  
Piano.

## ANEXO II

**Materias que impartirá nas ensinanzas profesionais de Música o corpo de profesores de música e artes escénicas**

Especialidades	Materias
Acordeón.	Acordeón. Música de cámara. Conxunto.
Arpa.	Arpa. Música de cámara. Conxunto.
Baixo eléctrico.	Baixo eléctrico. Conxunto.
Canto flamenco.	Canto flamenco. Conxunto.
Canto.	Canto. Música de cámara.
Clarinete.	Clarinete. Música de cámara.
Clave.	Clave. Música de cámara. Conxunto.
Contrabaixo.	Contrabaixo. Música de cámara.
Coro.	Coro.
Dulzaina.	Dulzaina. Conxunto.
Fagot.	Fagot. Música de cámara.
Flabiol i tamborí.	Flabiol i tamborí. Conxunto.
Frauta de pico.	Frauta de pico. Música de cámara. Conxunto.
Frauta travesa.	Frauta travesa. Música de cámara.
Fundamentos de composición.	Harmonía.
Gaita.	Gaita. Conxunto.
Guitarra.	Guitarra. Música de cámara. Conxunto.
Guitarra eléctrica.	Guitarra eléctrica. Conxunto.
Guitarra flamenca.	Guitarra flamenca. Conxunto.
Historia da música.	Historia da música*.

Especialidades	Materias
Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco.	Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco. Música de cámara. Conxunto.
Instrumentos de puga.	Instrumentos de puga. Música de cámara. Conxunto.
Linguaxe musical.	Linguaxe musical.
Óboe.	Óboe. Música de cámara.
Órgano.	Órgano. Música de cámara. Conxunto.
Orquestra.	Orquestra. Banda.
Percusión.	Percusión. Música de cámara. Conxunto.
Piano.	Piano. Música de cámara. Conxunto.
Saxofón.	Saxofón. Música de cámara. Conxunto.
Tenora i tible.	Tenora i tible. Conxunto.
Trombón.	Trombón. Música de cámara.
Trompa.	Trompa. Música de cámara.
Trompeta.	Trompeta. Música de cámara.
Tuba.	Tuba. Música de cámara.
Txistu.	Txistu. Conxunto.
Viola.	Viola. Música de cámara.
Viola da gamba.	Viola da gamba. Música de cámara. Conxunto.
Violín.	Violín. Música de cámara.
Violoncello.	Violoncello. Música de cámara.

\* Materia referida ao desenvolvemento curricular das diferentes administracións educativas.

## ANEXO III

**Materias que impartirá nas ensinanzas profesionais de Danza o corpo de profesores de música e artes escénicas**

Especialidades	Materias
Canto flamenco.	**
Danza clásica.	Danza clásica. Técnicas básicas de danza. Repertorio.
Danza contemporánea.	Danza contemporánea. Técnicas de danza contemporánea. Improvisación.
Danza española.	Danza española. Escola bolera. Danza estilizada. Folclore.
Flamenco.	Baile flamenco. Flamenco. Estudo do canto de acompañamento. Estudo da guitarra de acompañamento.
Guitarra flamenca.	**
Historia da danza.	Historia da danza*.
Linguaxe musical.	Música.
Piano.	**
Repertorio con piano para danza.	**

\* Materia referida ao desenvolvemento curricular das diferentes administracións educativas.

\*\* Determinarana as administracións educativas.

## ANEXO IV

**Asignación de materias da modalidade de Artes do bacharelato a especialidades docentes do corpo de profesores de música e artes escénicas**

Especialidades	Materias
Fundamentos de composición.	Análise musical I e II.
Historia da música.	Historia da música e da danza.
Historia da danza.	
Linguaxe musical.	Linguaxe e práctica musical.



## ANEXO V

**Materias das ensinanzas profesionais de Música e de Danza ordenadas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que impartirán, con carácter obrigatorio e preferente, os titulares das especialidades anteriores ao Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, independentemente das adscricións realizadas no dito real decreto**

Especialidades antigas	Materias das ensinanzas de Música e Danza
Clavecinista acompañante.	Fruta de pico e viola da gamba (repertorio con clavecinista acompañante ou materia análoga).
Guitarrista acompañante flamenco (danza).	Danza española/baile flamenco (repertorio con guitarrista acompañante de flamenco ou materia análoga).
Música de cámara.	Música de cámara.
Pianista acompañante (canto).	Canto (repertorio con pianista acompañante ou materia análoga).
Pianista acompañante (danza).	Danza clásica/danza contemporánea/danza española/baile flamenco (repertorio con pianista acompañante ou materia análoga).
Pianista acompañante (instrumentos).	Instrumento (repertorio con pianista acompañante ou materia análoga).
Repentización, transposición instrumental e acompañamento.	Piano complementario*. Acompañamento*.
Repertorio de ópera e oratorio.	Canto (repertorio con pianista acompañante ou materia análoga).
Repertorio vocal.	Canto (repertorio con pianista acompañante ou materia análoga).

\* Materias referidas ao desenvolvemento curricular das diferentes administracións educativas.